

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2024

«Museos pola educación e a investigación»

DIM 24

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE
SANTIAGO**



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO





PROGRAMACIÓN



Día Internacional dos Museos DIM'24



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO



MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2024

«Museos pola educación e a investigación»

17/05/2024

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Eva Veiga

Acción recitativa

Redes sociais

Todos os públicos

Acción recitativa no MDPS con poemas de **Luisa Villalta**, figura homenaxeada no **Día das Letras Galegas 2024**. Emisión nas [RR. SS](#) do recital ofrecido por **Eva Veiga** nas salas da sede expositiva.

18/05/2024

OBRADOIRO DE TALLA DE MADEIRA

Javier Sanz

Demostración

De 11:00 ás 14:00

Soportais do museo

Todos os públicos

Dirixido por Javier Sanz, tallista profesional, cada participante poderá tomar contacto coa talla en madeira, tan ben representada na colección do museo.

OBRADOIRO ASOREY

Crearte Servizos Culturais

De 17:00 ás 18:30

3º andar

Público infantil +7

Inscripción previa

reservas.mdperegrinacions@xunta.gal

Obradoiro no que nenos e nenas experimentarán co proceso creativo de Asorey. Traballaremos facendo a maqueta dun monumento escultórico propio e a reprodución a escala en barro dunha obra do artista.

CONCERTO DE MÚSICA CORAL

Coro infantil xuvenil Cantabile

19:00

Soportais do museo

Todos os públicos

O coro infantil xuvenil **Cantabile** ofrecerá un concerto aberto á cidadanía cun variado repertorio que fará as delicias de todos os públicos.



Día Internacional dos Museos DIM'24



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO



19/05/2024

OBRADOIRO DE BORDADO «BORDAR EN FAMILIA»

Bea Lema

De 11:30 ás 13:30

Soportais do museo

Público familiar +6

Inscripción previa

reservas.mdperegrinacions@xunta.gal

[As nenas e nenos menores de 12 anos de idade deben estar acompañadas/os durante a experiencia por unha persoa adulta responsable]

A ilustradora **Bea Lema** dirixirá este obradoiro a un público familiar no que se empregará a ilustración con bordado, un recurso moi empregado pola autora nas súas publicacións. Cada participante expresará unha escena da súa vida cotiá.



ACTIVIDADES PERMANENTES DO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2024

GALIVERSO DOS MUSEOS

De martes a venres, de 11:30 ás 14:30h*

1º andar

Público + 8 anos

Inscripción previa

reservas.mdperegrinacions@xunta.gal

[As nenas e nenos menores de 12 anos de idade deben estar acompañadas/os durante a experiencia por unha persoa adulta responsable].

O Museo das Peregrinacións e de Santiago acolle o proxecto **Galiverso dos Museos**, unha experiencia de **realidade virtual** que permite entrar nunha versión dos once museos xestionados pola Xunta de Galicia nas catro provincias galegas. O usuario poderá observar e interactuar con algunhas das pezas máis destacadas destes centros.

Quendas cada 30 minutos, a última sesión será ás 14:00.

*Os días 18 e 19 de maio, con motivo da celebración do Día Internacional dos Museos, realizaranse pases no horario establecido de mañá de 11:30 ás 14:30h.

MOSTRA AUDIOVISUAL DIM 24

«Educación e investigación. Revisitamos o concepto de peza favorita»

Míriam Núñez e María Lorenzo

1º andar

Todos os públicos

Seguindo o lema do DIM'24 «Museos pola educación e a investigación», **Míriam Núñez e María Lorenzo**, alumnas en prácticas no museo procedentes da USC, ofrecen unha visión creativa e didáctica do programa de difusión **#amiñapezafavorita**. Conxugan a investigación, divulgación e produción creativa, obtendo como resultado unha breve mostra audiovisual que poderán gozar todos os públicos no primeiro andar do museo e nas redes sociais do mesmo.



**DOSSIER DE ARTISTAS
E
COLABORADORES/AS**



Eva Veiga

Tras realizar estudos de Filloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, traballou en El Ideal Gallego e na TVG, onde desenvolveu unha polifacética e intensa actividade profesional, sobre todo na dirección e presentación de programas culturais. Neste eido, foi dúas veces Premio TP e Premio Galicia de Comunicación. Asemade, presentou e dirixiu para televisión a serie documental sobre a historia da arte galega Galicia no Tempo, programa que foi galardoado co Premio do Colexio de Arquitectos de Galicia e co Premio de

Honra da UNESCO.


Actualmente, dedícase á escrita de artigos en revistas e xornais. Xunto aos músicos Fito Ares e Bernardo Martínez, formou parte do grupo poético-musical Ouriol.



Javier Sanz

Tallista, escultor e artesán da madeira, con obradoiro propio en Santiago de Compostela. Baixo a marca ilexTalla, está especializado na creación de pezas de madeira feitas a man con técnicas tradicionais. Con formación técnica e artística como Técnico Superior en Escultura, Ciclo Superior de Carpintería e Arquitectura Técnica entre outros, permítelle afrontar con

garantías os proxectos e traballos que realiza. Compaxina os traballos de artesanía de madeira coa formación impartindo cursos presenciais de talla de madeira.



Coro Infantil e Xuvenil Cantabile

Nace froito da asociación que leva o seu mesmo nome como un gran proxecto musical e social que integra nenos, nenas, mozos e mozas, tendo á música clásica como fío condutor. Desde o seu nacemento en 2002, chegan a ser un referente musical en toda Galicia, grazas ao gran número de concertos e xiras que realizan tanto no panorama nacional como internacional. Os numerosos premios recibidos e a crítica

avalan a súa traxectoria interpretativa e, especialmente, o seu son e técnica vocal, debidas ao seu director Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto.



Bea Lema

Nada na Coruña, con estudos de deseño industrial, dos que traballou varios anos ata que se reencontrou co debuxo. Realizou ilustracións para revistas, carteis ou libros infantís. En 2017, recibiu o XII premio Banda Deseñada Castela da Diputación da Coruña con «O Corpo de Cristo», a súa primeira novela gráfica. No 2022, foi bolseira para realizar a residencia de novela

gráfica na *Maison des Auteurs* de Angoulême (Francia), organizada por Acción



Cultural Española (AC/E) e Citeina internationale da bande dessinée et de l'image, coa colaboración da Embaixada de Francia en España.



Crearte

Empresa de xestión cultural formada no 2002 por un equipo entusiasta que cre na cultura e a educación artística como ferramentas inmillorables para cambiar o mundo, xerando un impacto positivo nas persoas que o habitamos. Creación e oferta de actividades de mediación para todos os públicos a partir de exposicións e elementos do patrimonio;

dinamizadores de bibliotecas e centros de ensino mediante actividades centradas nas artes plásticas e visuais, a música, a historia e a literatura; formación de educadores de museos e profesorado; xestión de exposicións, festivais e outros eventos culturais de maneira integral e desenvolvemento de itinerarios de turismo cultural.



Galiverso dos Museos

Experiencia de realidade virtual que permite entrar nunha versión dos once museos xestionados pola Xunta de Galicia nas catro provincias galegas. O usuario poderá observar e interactuar con algunhas das pezas máis destacadas destes

centros. Entre elas, a escultura do cabaleiro de Beade (século XVII) do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, o torques do castro de Viladonga, ou o primeiro astrolabio atopado en Galicia (datado entre os séculos XVI e XVII) conservado no Museo do Mar de Galicia. Tamén é posible introducirse dentro da paisaxe pintada por Lugrís no cadro *Marina surrealista*, que se exhibe no Museo de Belas Artes da Coruña.



Miriam Núñez e María Lorenzo

Ambas as dúas son alumnas en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela no museo. **María Lorenzo Rubio** (alumna en prácticas da USC do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, textos e contextos) presenta a súa peza favorita, a Cruz de Afonso III (D-1461), a través do audiovisual exposto no primeiro andar e cunha liña de tempo accesible na nosa páxina [web](#). **Miriam Núñez López** procede do Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte, presenta a súa peza favorita, a cantimplora con forma de cuncha de vieira exposta no espazo expositivo dedicado aos símbolos xacobeos. Deste xeito, conxugan a investigación, divulgación e produción creativa, obtendo como resultado unha breve mostra audiovisual que poderán gozar todos os públicos no primeiro andar do museo e nas redes sociais do mesmo.





INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA

Todas as actividades son de balde.

Os menores de 12 anos de idade deben estar acompañados durante as experiencias por unha persoa adulta responsable.

Os obradoiros desenvolveranse exclusivamente con reserva previa.

**Actividades con inscrición previa en
reservas.mdperegrinacions@xunta.gal.**

Datos a achegar*:

Nome e apelidos

Idade

Nome e apelidos do adulto responsable

Teléfono de contacto

Observacións

Inscrición en Galiverso dos Museos:

Correo electrónico: reservas.mdperegrinacions@xunta.gal*

Teléfono: 81.867.401

Presencialmente na recepción do museo, na praza das Praterías.

Mostra audiovisual DIM 24 «Educación e investigación. Revisitamos o concepto de peza favorita»

Desenvólvese no horario habitual do museo.



Día Internacional dos Museos DIM'24



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO

